

## COMENTARIO DE «A Filida»

1. É un poema do século XVIII, obra do ilustrado Xosé Andrés Cornide Saavedra, quen escribiu varias composicións en galego. Outros escritores da época da Ilustración foron Martín Sarmiento (autor de *Coloquio de 24 gallegos rústicos*), Antonio Cernadas e Castro ou María Francisca de Isla.

2. Trátase dun soneto de temática amorosa no cal o *eu* lírico se dirixe á súa amada para confesarlle a magnitude do seu amor. O amado amósase como un paxariño atrapado que loita por liberarse e volver coidar da niñada.

Podemos enunciari o tema destes xeitos: a ansia do gozo amoroso non accesíbel / a necesidade da persoa amada / a procura dun amor que falta ou xa non é correspondido.

3. Como é habitual nun soneto, podemos distinguir dúas partes que se corresponden co tipo de estrofas. Nos cuartetos, a voz lírica dirixe a atención da amada cara a un paxariño que, malia saberse preso das trampas dun cazador, tenta liberarse con todas as forzas pensando nas crías que deixou no niño cando saíu buscar alimento. A segunda unidade estrutural correspóndese cos dous tercetos e nela identifícase o paxaro co amante –o propio eu lírico–, que ansía acurruncharse no seo da súa amada, o único lugar en que se sente libre e en plenitude.

4. Nos cuartetos achamos metáforas referidas ao voo do paxaro (*arando deses aires*) e á súa prole (*parte do corazón*). Nos tercetos o amor do poeta metaforízase no contexto do paxaro cativo: *chantado no ichó dun imposibre* e *chocara atento o seu deseo*. Estas últimas metáforas constitúen unha alegoría do desexo intenso que non somos quen de saciar.

No nivel fónico, a abundancia de consoantes africadas e fricativas pode interpretarse como fonosimbólica: suxire e recórdanos o chiar dos paxaros. Por exemplo, en *Pois viche a quen che adora pola vida / que, chantado no ichó de un imposibre, / cata aquí, cata aló se acha saída*.

5. Resposta persosal. [Apreciamos unha perfecta construción dos hendecasílabos e unha inusual delicadeza da linguaxe metafórica. A calidade literaria deste soneto cobra maior importancia ao ser unha das escasas testemuñas de literatura culta dos Séculos Escuros e a Ilustración. Está considerado por parte da crítica como unha das pezas máis destacadas da literatura galega]